

Medidas extraordinarias adoptadas fronte ao COVID 19 para persoas desempregadas perceptoras ou afectados por un ERTE.

- Suspéndense prazos na presentación de solicitudes: non se recortan dereitos por presentar solicitudes fóra de prazo.

- Adoptáronse medidas de protección por desemprego para as persoas afectadas por suspensión de contrato e reducións de xornada (ERTEs).

> Se xa é perceptor ou perceptora de prestacións ou subsidios por desemprego:

- Durante este período a súa demanda permanecerá en alta sen necesidade de acudir á súa Oficina para renovala.

- Non se ten que solicitar a prórroga do subsidio, o pago manterase transcorridos os seis meses.

- Non se interromperá o pago dos subsidios por desemprego pola falta de presentación da Declaración Anual de Rendado (DAR) no caso de persoas beneficiarias do subsidio para persoas traballadoras maiores de 52 anos.

> Se se viu afectado por un ERTE, non ten que solicitar cita previa co SEPE, xa que a xestión da súa prestación tramitarase entre a súa empresa e o SEPE.

Proximamente daremos máis detalles sobre este procedemento.

> Se está en situación de desemprego non motivada por un ERTE, solicite cita previa telemáticamente (www.sepe.es) para ser atendido polo SEPE (indique correo electrónico).

Fonte: www.sepe.es

